Nas nosas costas atópanse cada vez máis especies exóticas, moitas delas invasoras. As especies alóctonas poden afectar ás comunidades bentónicas e ás especies de interese comercial actuando como depredadoras, competidoras ou modificando as características do hábitat. Nos últimos anos rexístrase a expansión da ostra rizada (*Magallana gigas* (Thunberg, 1793)) dende a costa de Lugo cara ao Sur. Na súa expansión, esta especie non só coloniza substratos rochosos, senón que tamén se asenta en substratos brandos (**figura 22**). As formacións de ostra rizada sobre substratos brandos actúan, primeiro, como competidoras polo alimento e, finalmente, alteran o substrato dun xeito similar ao das colonias de mexillón. Favorecen a diversidade do epibentos en detrimento da fauna bentónica, que se ve afectada pola acumulación de lamas e o aumento da materia orgánica (**figura 22**). Deste xeito, esta especie modifica as condicións do substrato e despraza as comunidades bentónicas correspondentes ás especies clásicas de interese comercial.



**Figura 22.-** Colonización dun banco de ameixas fina e xaponesa (a) pola ostra invasiva *Magallana gigas* (b).  
**Figura 22.-** Colonización de un banco de almejas fina y japonesa (a) por la ostra invasiva *Magallana gigas* (b).  
**Figure 22.-** Colonization of a grooved carpet shell and Manila clam shellfish ground (a) by the invasive oyster species *Magallana gigas* (b).

### 3.2.6. ACUMULACIÓN DE LIXO.

A acumulación de lixo no litoral e no fondo do mar, ademais de supoñer un risco para as persoas que traballan no marisqueo, constitúe unha fonte de contaminación e alteración do medio. Gran parte do lixo detectado é de orixe terrestre, non obstante, hai outra gran parte orixinada pola actividade humana no mar: restos de artes de pesca e elementos de acuicultura, lixo deixado polas propias persoas que acceden á costa, etc. Algúns destes elementos incluso constitúen un substrato inicial para a fixación de colonizadores do substrato, reducen a velocidade da corrente e contribúen, dun xeito ou doutro, a modificar as características do substrato (**figura 23**).



**Figura 23.-** Restos de instalacións de cultivo de bivalvos en pochóns (a) como substrato para a fixación do mexillón (b), e como elemento de retención e acumulación de algas (c) que contribúe ao enlodamento do substrato. A súa presenza tamén constitúe un risco de accidentes para as persoas que acceden ao litoral.  
**Figura 23.-** Restos de instalaciones de cultivo de bivalvos en pochones (a) como substrato de fijación de mejillones (b), y como elemento de retención y acumulación de algas (c) que contribuye al enfangamiento del substrato. Su presencia, además, constituye un riesgo de accidentes para las personas que acceden al litoral.  
**Figure 23.-** Discarded bivalve farming baskets (a) as a substrate for mussel attachment (b) and as elements that promote seaweed retention and accumulation (c) contributing to mud deposition on the substrate. Their presence is also an accident hazard for any person accessing the coast.

### 3.2.7. ACUMULACIÓN DE TERRAS E RESTOS VEXETAIS TRAS LUMES FORESTAIS.

Despois dos lumes forestais, ademais de queimarse a masa vexetal, o chan queda desprotexido da erosión. Nas primeiras choivas despois dos lumes, a auga arrastra cinzas, materia vexetal e terra cara ao mar. A chegada destes materiais ao mar aumenta a turbidez e as partículas en suspensión. Aínda que non hai moitos traballos sobre os efectos fisiolóxicos da cinza nos bivalvos mariños, coñécense os seus efectos sobre algúns compoñentes do plancto (Gutiérrez-Barral *et al.*, 2024) e sobre a acumulación de diferentes elementos químicos (Silva *et al.*, 2016). Estes materiais nas praias expostas adoitan comportarse como a acumulación de restos da arribada no supralitoral, aínda que, en ocasións, quedan atrapados no perfil sedimentario pola superposición de novos materiais (**figura 24**). Nas zonas abrigadas, a acumulación destes materiais nas desembocaduras dos ríos orixina depósitos de finos e materia orgánica que afectan ao perfil redox do sedimento e á fauna bentónica (**figura 25**).



**Figura 24.-** Cinzas, terra e restos vexetais arrastrados pola choiva ao mar (a - b). Depósitos de restos de lumes colmatando pozas no supralitoral da costa exposta (c) e aumentando a turbidez da auga (d). Restos vexetais na liña de costa exposta como restos de arribada (e). Cinza mesturada con sedimento (f).

**Figura 24.-** Cenizas, tierras y restos vegetales arrastrados por la lluvia hacia el mar (a - b). Depósitos de restos de incendios colmatando charcas en el supralitoral de costa expuesta (c) y aumentando la turbidez del agua (d). Restos vegetales en la costa expuesta como restos de arribazón (e). Cenizas mezcladas con el sedimento (f).

**Figure 24.-** Ash, dirt, and plant debris carried by runoff water into the sea (a-b). Tidal pools silted by deposited post-fire residues on the supratidal zone in an exposed coastline (c) and increased water turbidity due to their presence (d). Plant debris on an exposed coast, arranged similarly to beach-cast seaweed (e). Ash mixed with sediment (f).



**Figura 25.-** Depósitos de materia vexetal, cinzas e terras cubrindo grandes superficies nas desembocaduras dos ríos en zonas protexidas (a). Restos de materia forestal (b) terras e cinzas creando unha capa de 10 cm de espesor sobre a rede dun parque de cultivo (c).

**Figura 25.-** Depósitos de materia vegetal, cenizas y tierras abarcando grandes extensiones en las desembocaduras de ríos en zonas abrigadas (a). Restos de materia forestal (b) tierras y cenizas creando una capa de 10 cm de espesor sobre la malla de un parque de cultivo (c).

**Figure 25.-** Plant debris, dirt, and ash deposited across large areas at a river mouth in a sheltered area (a). Forest debris (b). A 10-cm-thick layer of dirt and ash deposited on a bivalve farming net (c).

## 4. TÉCNICAS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DA PRODUCTIVIDADE E DA DIVERSIDADE

### 4.1. A importancia do hábitat.

*O éxito da restauración ou mellora das poboacións require de controis das capturas, pero tamén demanda atención aos impactos humanos no hábitat. A redución da explotación da poboación que se restaura como única medida, non será eficaz se o hábitat crítico desapareceu (Caddy et al., 2003).*

O marisqueo en Galicia inclúe como actividades profesionais non só as puramente extractivas, senón tamén unha serie de traballos non extractivos. Estes traballos están relacionados, entre outros, co mantemento das condicións do hábitat, e as tarefas máis habituais consisten na eliminación rutinaria de acumulacións de algas e na regulación das densidades realizando traslados de exemplares dende as zonas de recrutamento a zonas de mellor crecemento. Todos estes traballos, extractivos ou non, están regulados por plans de xestión e son programados polas entidades asociativas do sector marisqueiro.

Ademais dos traballos programados, hai unha serie de boas prácticas que inclúen a retirada rutinaria de especies animais colonizadoras, de depredadores e do lixo que se atopan mentres se realizan estes traballos. Tamén se inclúe aquí a programación dos traballos de remoción de sedimentos modificados e de zonas propensas á acumulación de lamas. A constancia na realización destas tarefas cotiáns é fundamental para manter as condicións do hábitat e a diversidade nos bancos marisqueiros.

Así mesmo, é fundamental aplicar e cumprir as medidas de xestión axeitadas para manter as capturas dentro dos rangos de sustentabilidade do stock. O descenso das poboacións sometidas a explotación marisqueira está relacionado con diversos factores, dende variacións da produtividade primaria relacionadas co cambio climático (Parada e Molares, 2023) ata a sobrepesca e a perda de hábitat esencial. A sobrepesca e a pesca de exemplares pequenos supoñen unha diminución da capacidade reprodutiva das poboacións. O número de ovos nunha posta crece exponencialmente co tamaño

---

das femias (Brousseau, 1978). Así, García *et al.* (2007) estiman que as femias de ameixa babosa que miden 35 mm producen un 31% menos de ovos que as que miden 38 mm de lonxitude. A redución do tamaño da primeira captura ou a captura de exemplares de tamaño inferior ao establecido diminúe a capacidade reprodutiva e, polo tanto, a produtividade dos bancos marisqueiros.


Cando a baixada da produción chega ao punto de non ofrecer un volume de stock suficiente para rendibilizar a explotación, a paralización das tarefas de marisqueo dirixidas á conservación do hábitat produce a perda do hábitat esencial, que en xeral se transforma noutro máis propio de comunidades bentónicas empobrecidas e con menor diversidade. O mesmo ocorre cando as medidas de xestión non son as axeitadas para manter as condicións do substrato. Nestes casos son necesarias actuacións para recuperar os stocks, pero tamén o hábitat. Así, as medidas de ordenación pesqueira deben ir acompañadas de medidas de protección e mantemento ou conservación do hábitat.

A maioría das especies teñen requisitos en canto ao hábitat no que desenvolven as súas poboacións (**figura 12**). O hábitat esencial defínese como as augas e o substrato necesarios para o desove, a reprodución, a alimentación ou o crecemento ata a madurez (Caddy *et al.*, 2003). As características esenciais do hábitat pódense medir mediante un índice de conformidade que establece os límites máis favorables para cada parámetro. Son moitos os parámetros que definen o hábitat esencial, pero dende o punto de vista das técnicas de restauración do hábitat non todos poden ser controlados. No caso dos organismos bentónicos en xeral e dos bivalvos de interese comercial en particular, os parámetros máis accesibles para a súa modificación ou control están relacionados coa densidade das poboacións e as características e condicións do sedimento. En xeral, os primeiros pódense regular mediante a xestión pesqueira e as boas prácticas en capturas e xestión de stocks; os segundos, máis directamente coas técnicas de conservación do substrato.

As técnicas de conservación e restauración do substrato aplícanse fundamentalmente á granulometría e outras variables derivadas dela, como o perfil redox ou a compactación. Os requisitos de cada especie respecto destas variables poden agruparse nun índice de conformidade que se obtén a partir das curvas de preferencia. Para cada variable obtense unha curva de preferencia, mediante unha función que a relaciona coa resposta da poboación, de xeito que o valor da variable estudada que se corresponde co máximo desta función reflicte o valor óptimo da variable para esa especie. Ao combinar o índice de conformidade con respecto a cada variable, pódese obter un índice de conformidade xeral dun lugar para o conxunto de variables estudadas (**figura 26**). De feito, moitas destas variables están relacionadas entre si. Así, aínda que a compactación óptima para todos os bivalvos está en torno aos 6 KPa (valor pendente de validación), existe unha relación entre a mediana granulométrica e a compactación ou resistencia á penetración dos sedimentos (Parada, 2024), do mesmo xeito que entre a moda granulométrica, o contido de materia orgánica e a profundidade da capa DPR (**táboa 1**)

#### A compactación dos sedimentos.

Os sedimentos compactos dificultan o movemento e a penetración máis profunda da fauna que vive soterrada neles. Ademais, reducen o intercambio de gases e a circulación da auga. A compactación dos sedimentos está asociada ao tamaño dos grans e ao espazo intersticial que queda entre eles. A compactación pódese medir directamente no medio intermareal mediante compactómetros manuais que miden a resistencia do sedimento á rotación de láminas de determinados tamaños, ou pola súa resistencia á penetración dunha frecha de punta cónica dende unha altura e cun certo peso. No CIMA desenvolveuse un penetrómetro lixeiro que permite medir a resistencia á penetración tanto no intermareal como no infralitoral (Parada, 2024).



**Figura 26.-** Curvas de preferencia de compactación e contido medio de area para o berberecho adulto. As curvas de preferencia pódense utilizar no diagnóstico de áreas a rexenerar para identificar variables que se desvían dos seus valores óptimos (Traballo en curso no Centro de Investigacións Mariñas CIMA; valores pendentes de validación).

**Figura 26.-** Curvas de preferencia de compactación y contenido en arenas medias para berberecho adulto. Las curvas de preferencia pueden ser utilizadas en el diagnóstico de áreas a regenerar para identificar las variables desviadas de sus valores óptimos (Trabaja en curso en el Centro de Investigacións Mariñas CIMA; valores pendentes de validación).

**Figure 26.-** Preference curves for sediment compaction and content of medium sands for adult cockles. Preference curves can be used in the diagnosis of areas in need of restoration to determine which variables deviate from their optimal values (this is an ongoing project at the CIMA; values pending validation).

## 4.2. Técnicas de restauración aplicadas no marisqueo en Galicia

*A protección é máis fácil que a restauración e os esforzos para restaurar os hábitats e as poboacións asociadas son inútiles se as perturbacións responsables da degradación continúan sen minguar (Shumway e Kraeuter, 2000).*

Os proxectos de restauración de bancos marisqueiros lévanse a cabo en moitos lugares e dende hai moito tempo. En Galicia, os traballos de Fernández Cortés *et al.* (1979) e Rodríguez Moscoso *et al.* (1987) figuran entre os primeiros publicados sobre este tema. Tamén hai abundante literatura enfocada na mellora do diagnóstico e do deseño de proxectos de restauración (Caddy *et al.*, 2003; Brumbaugh *et al.*, 2006), e as técnicas de sementeira con este obxectivo son continuamente revisadas (Villalba *et al.*, 2024). Todos estes traballos teñen en común intervencións dirixidas a aumentar o stock das especies de interese e/ou mellorar as condicións do hábitat. Estas técnicas inclúen:

- Mellora ou conservación das condicións do substrato.
- Mellora do hábitat para aumentar a fixación natural.
- Traslados de xuvenís de zonas de fixación ou de alta densidade a zonas de crecemento.
- Sementeira.
- Control de depredadores e competidores.

---

Entre estas técnicas distínguense tarefas de protección, tarefas de mellora e tarefas de restauración. As tarefas de protección buscan a redución ou a xestión axeitada dos impactos humanos, incluíndo a explotación dos recursos e os impactos sobre o medio. As operacións de mellora buscan incrementar certos servizos dos ecosistemas sobre outros, por exemplo, favorecendo a provisión de alimentos fronte a outros usos. A restauración ten como obxectivo recuperar estados do sistema anteriores ao actual. Non obstante, hai que ter en conta que labores de conservación e ferramentas de xestión e protección dos recursos, como o control do tamaño das capturas, o establecemento de vedas, a rotación das zonas de extracción, etc., son máis eficaces, económicas e máis fáciles de implementar que as técnicas de restauración.

As técnicas máis utilizadas no marisqueo en Galicia pódense reunir en cinco grupos:

- Intervencións directas sobre o substrato.
- Eliminación de depósitos de algas e restos terrestres.
- Control de competidores e depredadores.
- Retirada de lixo.
- Actuacións sobre a poboación das especies de interese.

#### 4.2.1. INTERVENCIÓNS DIRECTAS SOBRE O SUBSTRATO.

##### *Remoción do substrato*


As tarefas de remoción do substrato perseguen varios obxectivos:

- Reducir a colmatación de cascallos e os depósitos de sedimentos finos
- Reverter a compactación de sedimentos, o incremento da fracción fina e o ascenso da capa DPR

Estes obxectivos redundan na mellora das condicións do substrato xa que a transición de sedimentos finos a gravas heteroxéneas favorece o asentamento de comunidades bentónicas con maior diversidade (**figura 12**).

As tarefas de remoción de substrato pódense aplicar tanto no intermareal como no infralitoral. En calquera dos dous medios pódense realizar mediante labores mecánicas ou con dispositivos de remoción hidráulica (Parada, 2023). O marisqueo en Galicia inclúe a remoción de substratos tanto mecánica como manual como tarefas non extractivas de conservación do hábitat (**figura 27**). Con calquera destes métodos obtivéronse melloras no substrato en canto ao perfil redox, aumentando a profundidade da capa DPR (**figura 28**); no tocante á granulometría do substrato, diminuíndo a fracción fina (**figura 29**); no que se refire á compactación; e con respecto á fauna bentónica, aumentando a diversidade (**táboa 3**). En todo caso, os métodos hidráulicos son menos agresivos para a fauna e menos custosos que os métodos mecánicos, xa que se poden aplicar manualmente no intermareal e cunha embarcación lixeira no infralitoral. Por outra banda, para ser


eficaces, estas técnicas deben aplicarse de xeito recorrente e constante. Tamén son aplicables en zonas de sedimentos compactos e gravas cubertas por sedimentos finos. Nestas últimas, outro obxectivo é reincorporar os cascallos á superficie do sedimento para mellorar a súa textura (**figura 30**). Por outra banda, antes de realizar as tarefas de remoción do substrato se deben eliminar as acumulacións de algas que poidan existir sobre o substrato para evitar a xeración de nódulos de sedimento reducido pola descomposición das algas que poidan resultar mesturadas co sedimento durante a remoción.



**Figura 27.-** Remoción do substrato intermareal (a) e infralitoral (b) por medios mecánicos. Remoción manual no intermareal (c). Remoción hidráulica (d), intermareal (e) e infralitoral (f).

**Figura 27.-** Remoción de substrato intermareal (a) e infralitoral (b) por medios mecánicos. Remoción manual en el intermareal (c). Remoción hidráulica (d) intermareal (e) e infralitoral (f).


**Figure 27.-** Substrate reworking by mechanical means in the intertidal (a) and subtidal (b) zones. Manual reworking in the intertidal zone (c). Hydraulic reworking (d) in the intertidal (e) and subtidal (f) zones.



**Figura 28.-** Cambios no perfil redox tras a aplicación de tarefas de remoción de substratos. Perfil con alto contido de arcilas e capa DPR en superficie antes da aplicación de reducción hidráulica infralitoral (a). Perfil areoso coa capa DPR distorsionada en manchas e baixo a superficie despois de 12 días consecutivos de remoción hidráulica infralitoral (b). Perfil redox do sedimento nun banco marisqueiro intermareal antes da aplicación da remoción mecánica, coa capa de sedimento reducido en superficie (c). Perfil redox no mesmo sedimento despois de 5 días de remoción mecánica sen capa DPR e con manchas illadas de sedimento reducido (d).

**Figura 28.-** Cambios en el perfil redox tras la aplicación de tareas de remoción del sustrato. Perfil con alto contenido en arcillas y capa DPR en superficie antes de la aplicación de remoción hidráulica infralitoral (a). Perfil arenoso con la capa DPR distorsionada en manchas y bajo la superficie tras 12 días consecutivos de remoción hidráulica infralitoral (b). Perfil redox del sedimento en un banco marisqueiro intermareal antes de la aplicación de labrado mecánico, con la capa reducida en superficie (c). Perfil redox en el mismo sedimento tras 5 días de remoción mecánica sin capa DPR y con manchas aisladas de sedimento reducido (d).

**Figure 28.-** Changes to redox profiles after implementing substrate reworking techniques. Profile with a high clay content and RPD layer reaching the surface before implementing subtidal sediment reworking by hydraulic means (a). Sandy profile with a disturbed, patchy RPD under the surface after 12 consecutive days of subtidal sediment reworking by hydraulic means (b). Redox profile in sediments of an intertidal shellfish ground before implementing mechanical ploughing, with the reduced layer reaching the surface (c). Redox profile in the same sediment after 5 days of mechanical reworking, with no RPD layer and isolated patches of reduced sediment (d).



**Figura 29.-** Cambios na granulometría do sedimento tras 3 días de remoción en dous anos consecutivos. Aspecto do sedimento con contido importante en materia orgánica antes do rexistro (a); despois de 3 días de remoción (b) e despois de 3 días de remoción 8 meses despois (c). O contido en pelitas (PEL), area moi fina (AMF) e area fina (AF) diminuíu despois da primeira e segunda remoción (9/2015 e 5/2016) con respecto á composición antes do inicio da remoción (8/2015). Incrementouse o contido de areas medianas (AM), areas grosas (AG) e areas moi grosas (AMG). GR, contido de grava.

**Figura 29.-** Cambios en la granulometría del sedimento después de 3 días de remoción en dos años consecutivos. Aspecto del sedimento con importante contenido en materia orgánica antes de la remoción (a); tras 3 días de labrado (b) y tras 3 días de labrado 8 meses después (c). El contenido en pelitas (PEL), arenas muy finas (AMF) y arenas finas (AF) descendió tras el primer y segundo labrado (9/2015 y 5/2016) con respecto a la composición anterior al inicio de los labrados (8/2015). El contenido en arenas medias (AM), arenas gruesas (AG) y arenas muy gruesas (AMG) aumentó. GR, contenido en gravas.


**Figure 29.-** Changes in sediment granulometry after 3 days of reworking activities in two consecutive years. Appearance of the sediment before reworking, with considerable organic content (a); after 3 days of ploughing (b), and 8 months after a 3-day ploughing campaign (c). The contents of mud (PEL), very fine sand (AMF), and fine sand (AF) decreased after ploughing for the first and second time (9/2015 and 5/2016) compared with the composition before the start of ploughing work (8/2015). Contents of medium sand (AM), coarse sand (AG), and very coarse sand (AMG) increased. GR: gravel content.

**Táboa 3.-** Compactación a 3 cm de profundidade no sedimento (KPa) e variables faunísticas da comunidade bentónica (diversidade, H' e diversidade relativa, J) nun banco marisqueiro antes de ser sometido a remoción de substrato (CP2\_16); 18 meses despois e antes dunha segunda remoción (CP2\_18) e 12 meses despois da segunda remoción (CP2\_19).

**Tabla 3.-** Compactación a 3 cm de profundidade en el sedimento (KPa) y variables faunísticas de la comunidad bentónica (diversidad, H' y diversidad relativa, J) en un banco marisqueiro antes de ser sometido a remoción del substrato (CP2\_16); 18 meses después y antes de un segundo labrado (CP2\_18) y 12 meses después del segundo labrado (CP2\_19).

**Table 3.-** Compaction at a sediment depth of 3 cm (KPa) and faunal variables of the benthic community (diversity, H', and evenness, J) in a shellfish ground before substrate reworking (CP2\_16); 18 months after the first ploughing and before the second (CP2\_18), and 12 months after the second ploughing (CP2\_19).

|                                 | CP2_16 | CP2_18 | CP2_19 |
|---------------------------------|--------|--------|--------|
| <b>Compactación (KPa)</b>       | 8.4    | 6.2    | 5.2    |
| <b>Diversidade (H')</b>         | 0.75   | 1.73   | 1.92   |
| <b>Diversidade relativa (J)</b> | 0.1    | 0.3    | 0.8    |



**Figura 30.-** Os cascallos colmatados coa fracción fina do sedimento (a) son visibles unha vez que se lava (b). Sedimento de cascallos infralitorais cuberto pola fracción fina antes da remoción (c) e co cascallo reincorporado á superficie despois da remoción (d). Reincorporación do cascallo á superficie do sedimento mediante remoción manual (e, f).

**Figura 30.-** Los cascajos colmatados con la fracción fina del sedimento (a) son visibilizados una vez esta es lavada (b). Sedimento de cascajos infralitorales cubiertos por la fracción fina antes de la remoción (c) y con los cascajos reincorporados a la superficie después de la remoción (d). Reincorporación de cascajos a la superficie del sedimento mediante remoción manual (e, f).


**Figure 30.-** Debris filled up with fine sediments (a) become visible once the fine fraction is washed off (b). Subtidal debris covered in fine sediments before reworking (c) and debris back up at the surface after reworking (d). Restoration of debris back to the sediment surface by manual reworking (e, f).

---

### *Emendas do substrato*

As técnicas de remoción de substratos para mellorar a granulometría só son efectivas en sedimentos areosos ou gravosos colmatados de pelitas. Nestes casos, a remoción resuspende a fracción fina e facilita o seu transporte polo hidrodinamismo para facer prevalecer no sedimento a fracción grosa preexistente, ou ben, reincorporar á superficie do sedimento os cascallos preexistentes cubertos pola fracción fina.

As emendas de substrato buscan substituír a granulometría orixinal do sedimento engadindo substratos non orixinais, como cunchas fragmentadas de ostra ou berberecho; ou grava de canteiras terrestres. O obxectivo destas técnicas é incrementar o tamaño de gran e os intersticios no sedimento para que sexa máis favorable para as comunidades propias de sedimentos heteroxéneos ou cascallos sucios. Isto fai recomendable que o tamaño de gran dos áridos engadidos estea, aproximadamente, entre 6 e 12 mm. En todo caso, debe evitarse o uso de áridos de diámetro inferior a 5 mm, xa que se obstruirán máis facilmente pola achega natural de finos, ou de cunchas de mexillón trituradas. Estes últimos, pola súa configuración laminar, non favorecen a xeración de intersticios senón a compactación do sedimento (**figura 31**).




**Figura 31.-** Os áridos de 6 a 12 mm (a) xeran máis espazo intersticial que os elementos cunha estrutura laminar como as cunchas de mexillón trituradas (b).

**Figura 31.-** Los áridos de 6 a 12 mm (a) generan más espacio intersticial que elementos de estructura laminar como las valvas de mejillón trituradas (b).

**Figure 31.-** Aggregates between 6 and 12 mm (a) generate greater interstitial space than laminar elements such as ground mussel valves (b).

Estes traballos realízanse en lugares con sedimentos lamacentos, polo que teñen unha tendencia natural a acumular elementos finos. Os proxectos de restauración de substratos de bancos marisqueiros que inclúan a adición de cascallos ou grava sobre fondos lamacentos poden fracasar se non van acompañados de tarefas constantes de remoción para evitar que se colmaten ou queden cubertos por sedimentos finos (**figura 32**). Por outra banda, os traballos máis habituais deséñanse de xeito que a capa de substrato engadido teña un espesor de 20 a 30 cm e sen acadar cotas finais intermareais no caso de traballos no infralitoral.



**Figura 32.-** Áridos de 6 a 12 mm para traballos de modificación do substrato (a). Corrección da granulometría de fondos lamacentos (b) con áridos que, tras un ano dos traballos, presentaban signos de colmatación con finos (c), aínda que xa tiñan fixacións de ata 130 ind/m<sup>2</sup> de ameixa babosas (d). Áridos colmatados en sedimentos intermareais con granulometría corrixada (e) e posteriormente sometidos a remoción manual (f).

**Figura 32.-** Áridos de 6 a 12 mm para traballos de enmienda de substrato (a). Corrección de la granulometría de fondos fangosos (b) con áridos que, tras un año de los traballos mostraban signos de colmatación con finos (c), aunque ya presentaban fijaciones de hasta 130 ind/m<sup>2</sup> de almeja babosa (d). Áridos colmatados en sedimentos intermareales con granulometría corregida (e) y sometidos a remoción manual (f).

**Figure 32.-** Aggregates in the 6 to 12 mm range to be used in substrate amendment (a). Granulometry amendment in muddy bottoms (b) using aggregates, which showed signs of filling up with fine elements one year after the works (c), although recruitment rates up to 130 ind/m<sup>2</sup> of pullet carpet shell could already be observed (d). Intertidal sediments where granulometry was amended using aggregates that were filled up with fine elements (e) and subjected to manual reworking (f).

#### 4.2.2. RETIRADA DE DEPÓSITOS DE ALGAS E RESTOS TERRÍXENOS.

##### *Retirada de algas*

As acumulacións masivas de algas ulváceas deben ser retiradas canto antes para evitar que o inicio da súa descomposición provoque un aumento da demanda de osíxeno e unha diminución do perfil redox do sedimento coa conseguinte mortalidade da fauna bentónica. Aínda que estes efectos das acumulacións de algas ocorren tanto no infralitoral como no intermareal, neste último medio son máis críticos porque, ademais, adoitan coincidir con aumentos da temperatura atmosférica e da capa de auga superficial.

A eliminación de algas no intermareal realízase xeralmente por medios manuais, aínda que tamén existen desenvolvementos de sistemas mecanizados para esta tarefa. No caso de acumulacións no infralitoral adoitan eliminarse mediante elementos remolcados, aínda que existen sistemas de recollida mecanizado en desenvolvemento (**figura 33**).

Cómpre destacar que as acumulacións de algas que causan problemas no sedimento adoitan ser as correspondentes a floracións explosivas de ulvaceae, xeralmente vinculadas a procesos de eutrofización. Estas acumulacións hai que diferenciarlas das acumulacións de algas pardas que, salvo chegadas masivas despois das tormentas no outono e inverno, non adoitan provocar cambios no sedimento, xeralmente se acumulan no intermareal superior e son fonte de materia orgánica e alimento para a fauna principalmente de praias expostas (Gómez *et al.*, 2021).



**Figura 33.-** Retirada de acumulacións ulváceas mediante arrastre no infralitoral (a, b) e manualmente no intermareal (c). As algas retiradas son trasladadas a un centro de tratamento autorizado (d).

**Figura 33.-** Retirada de acumulaciones de ulváceas mediante arrastre en el infralitoral (a, b) y manualmente en el intermareal (c). Las algas retiradas son trasladadas a un centro de tratamiento autorizado (d).

**Figure 33.-** Removal of Ulvaceae wrack by trawling in the subtidal zone (a, b) and manual removal in the intertidal zone (c). Removed seaweeds are transported to an authorized waste treatment site (d).

### Retirada de depósitos de terras, cinzas e restos de lumes

Os depósitos de terra e restos dos lumes adoitan ser lavados por choivas torrenciais. Nestes casos adoitan formar capas grosas de sedimentos finos mesturados con restos vexetais. Estes depósitos prodúcense principalmente na zona intermareal preto das desembocaduras dos ríos. Á hora de retirar restos vexetais, debe evitarse o uso de maquinaria para minimizar a mestura con sedimentos, aínda que en moitos casos, as propias ondas tenden a depositar os restos vexetais na zona intermareal superior. Se a acumulación de cinzas forma unha capa ben definida, tamén é preferible eliminala por medios manuais, pero cando as cinzas se mesturan cos sedimentos, as tarefas de remoción poden resultar máis eficaces (**figura 34**).



**Figura 34.-** Retirada manual de terras e cinzas arrastradas ao mar; en primeiro plano, restos vexetais depositados polas ondas na zona intermareal superior (a; cedida por M. Pombal). Remoción mecánica das cinzas e terras mesturadas co sedimento para devolver os cascallos á superficie (b; cedida por A. Monteagudo).

**Figura 34.-** Retirada manual de tierras y cenizas arrastradas al mar; en primer plano, restos vegetales depositados por el oleaje en el intermareal superior (a; cedida por Mar Pombal). Remoción mecánica de las cenizas y tierras mezcladas con el sedimento para devolver los cascajos a la superficie (b; cedida por A. Monteagudo).

**Figure 34.-** Manual removal of dirt and ash transported to the sea; plant debris deposited on the upper intertidal zone by wave action can be seen at the foreground (a; image courtesy of Mar Pombal). Mechanical reworking of ash and dirt mixed with sediment to restore debris back to the surface (b; image courtesy of A. Monteagudo).

#### 4.2.3. CONTROL DE COMPETIDORES E DEPREDADORES.

##### Retirada de competidores

Ademais de afectar ás características do substrato e á diversidade do bentos infaunal, as colonias de mexillón e ostra rizada actúan como competidoras dos bivalvos de interese comercial. Cando se trata de colonias intermareais, a súa eliminación faise a man. Non obstante, cando se localizan no infralitoral utilízanse tanto artes de arrastre, xeralmente utilizadas na pesqueira de especies comerciais como a vieira (*Pecten spp.*), como a retirada mediante mergullo (**figura 35**). Nos bancos marisqueiros cuxa capacidade reprodutiva é activa a pesar da colonización polo mexillón, é frecuente atopar xuvenís de ameixas e exemplares de máis dun ano entre as piñas de mexillón. Nestes casos cómpre considerar a conveniencia de retirar estes exemplares para devolvelos ao mar (**figura 36**). A eliminación destas colonias supón unha rápida recuperación do perfil sedimentario (**figura 37**) e da diversidade do bentos infaunal (**táboa 4**), que consegue manterse máis de dous anos despois destes traballos.

Os prados de fanerógamas mariñas como *Zostera noltei* Hornemann, 1832 e *Zostera marina* L., 1753, son un caso especial de colonizadores de substrato. Son un hábitat incluído na Directiva de Hábitats da UE polas súas implicacións como conformadores de hábitats na mellora da diversidade do bentos epifaunal, o sustento da avifauna, a xeración de abrigo e áreas de cría ou a fixación de carbono. Polo tanto, estas áreas non se consideran competidoras senón beneficiosas para o medio ambiente. Non obstante, a súa expansión fóra da súa distribución habitual modifica as condicións ambientais e favorece a facies de *Scrobicularia plana* dentro da comunidade de *Cerastoderma edule*.

As tarefas de conservación dos bancos marisqueiros en canto aos prados de zosteria límitanse á xeorreferenciación dos seus límites espaciais para manter o seu estado xeográfico actual. A día de hoxe non está confirmada a expansión de lamas de zosteria máis aló dos límites actuais destes prados nas zonas onde se suspendeu o marisqueo.



**Figura 35.-** Retirada de colonias de mexillón sobre fondos de cascallos infralitorais mediante mergullo (a) e con artes de arrastre (b) para o seu traslado a unha planta de tratamento (c). Reversión dun banco marisqueiro intermareal ao seu estado orixinal (d, e) mediante retirada manual (f) despois de ser colonizado por mexillón.

**Figura 35.-** Retirada de colonias de mejillón sobre fondos de cascajos infralitorales mediante buceo (a) y con artes de arrastre (b) para su traslado a una planta de tratamiento (c). Reversión de un banco marisqueo intermareal a su estado original (d, e) mediante retirada manual (f) tras ser colonizado por mejillón.

**Figure 35.-** Removal of mussel colonies on subtidal debris substrates by diving (a) and by trawl gears (b) for relocation to waste treatment facilities (c). Restoration of an intertidal shellfish ground to its original state (d, e) after manual removal of mussel colonies (f).



**Figura 36.-** Sementeira de exemplares de ameixa babosa de entre 22 e 40 mm de lonxitude recuperados das piñas de mexillón retiradas.

**Figura 36.-** Siembra de ejemplares de almeja babosa de entre 22 y 40 mm de longitud recuperados de entre las masas de mejillón retiradas.

**Figure 36.-** Seeding pullet carpet shell individuals between 22 and 40 mm long retrieved from among removed mussel clumps.



**Figura 37.-** Cambios do perfil do sedimento cuberto por colonias de mexillón, reducido e defaunado (a); e coa capa DPR a 4 cm de profundidade aos 15 e 27 meses despois da eliminación da colonia de mexillón.

**Figura 37.-** Cambios del perfil del sedimento cubierto por colonias de mejillón, reducido y defaunado (a); y con la capa DPR a 4 cm de profundidad tras 15 y 27 meses de la retirada de la colonia de mejillón.

**Figure 37.-** Changes of a sediment profile covered in mussel colonies, reduced, and defaunated (a), and with the RPD layer at 4 cm depth of 15 and 27 months after removing the mussel colony.

**Táboa 4.-** Variables faunísticas da comunidade bentónica nunha zona sometida a retirada de mexillón. CA16, antes da retirada do mexillón; CA18, 15 meses despois da retirada do mexillón e CA19, 27 meses despois do traballo.

**Tabla 4.-** Variables faunísticas de la comunidad bentónica en un área sometida a retirada de mejillón. CA16, antes de la retirada de mejillón; CA18, 15 meses después de la retirada de mejillón y CA19, 27 meses después de los trabajos.

**Table 4.-** Faunal variables (Nº do familias, number of families; ind/m<sup>2</sup>, density; H', diversity; J, evenness) of the benthic community in an area subjected to mussel removal. CA16, before mussel removal; CA18, 15 months after mussel removal and CA19, 27 months after the works.

|                                      | CA16 | CA18 | CA19 |
|--------------------------------------|------|------|------|
| <b>Nº de familias</b>                | 0    | 11   | 10   |
| <b>Densidade (ind/m<sup>2</sup>)</b> | 0    | 480  | 625  |
| <b>Diversidade (H')</b>              |      | 2.26 | 2.84 |
| <b>Diversidade relativa (J)</b>      |      | 0.4  | 0.6  |

As colonizacións de ostras alóctonas producen o mesmo efecto sobre o sedimento e a endofauna bentónica que as colonizacións de mexillón. Nas distintas localidades polas que se está a expandir esta especie cara ao Sur desde a costa norte de Galicia, estanse a levar a cabo proxectos de retirada desta especie, non obstante, cada vez son máis as entidades asociativas do sector marisqueiro que a incorporan como obxectivo comercial nos seus plans de xestión.

#### Retirada de depredadores


Os depredadores que adoitan ser obxecto de proxectos específicos de control da poboación son as estrelas de mar (*Marthasterias glacialis* (L., 1758) e, sobre todo, *Asterias rubens* (L., 1758)); o gasterópodo *Ocenebra erinaceus* (L., 1758); o cangrexo *Carcinus maenas* (L., 1758) e os gasterópodos alóctonos da familia Muricidae, *Bolinus brandaris* (L., 1758) e *Hexaplex trunculus* (L., 1758). As campañas de control das estrelas de mar adoitan realizarse puntualmente, cando as

---

súas poboacións aumentan de densidade, e utilizando técnicas de captura directa a través de mergullo ou artes de arrastre menores como os rastros de vieira. No caso de *O. erinaceus* e *C. maenas*, o máis habitual é utilizar nasas con cebo de xeito continuado. A distribución dos murícidos alótonos *B. brandaris* e *H. trunculus* limitase ata agora á enseada da Toxa. Neste caso realízanse campañas curtas durante a época de posta que teñen como obxectivo a eliminación das ootecas, aproveitando a súa visibilidade e localización. Nestas campañas utilízanse métodos de extracción directa mediante mergullo e recóllense tanto as ootecas como os exemplares adultos que se atopan sobre elas ou nas súas proximidades (**figura 38**). No caso das ootecas, deben colocarse en bolsas ou recipientes sen ocos de malla para evitar a súa propagación por desprendementos ou polas aves.

O traballo con técnicas de mergullo é máis efectivo cando se realiza de forma sistemática mediante transeptos xeorreferenciados. A eficacia das campañas de regulación das poboacións destas especies pódese medir pola evolución das capturas (**figura 39**). Por outra banda, é importante coñecer a fenoloxía destas especies para optimizar os esforzos e sincronizalos cos momentos de maior presenza dos individuos (**figura 40**). Para iso establécense programas de seguimento da densidade das súas poboacións mediante mostraxes periódicas con nasas ou vídeo remolcado (Parada, 2023b). No caso da eliminación de ootecas, ao ser moi curto o período de posta e maduración, son máis eficaces as campañas nas que participan moitos recolectores, xa que a recollida é máis rápida e o período de tempo previo á eclosión das ootecas é curto.


Cando se regulan as poboacións de depredadores, é importante ter en conta o seu papel nas redes tróficas. Moitos dos depredadores tamén son preeiros facultativos, polo que contribúen á eliminación de cadáveres en descomposición que poden afectar ás condicións dos sedimentos, ou a reducir a propagación de enfermidades. Estas especies non só depredan bivalvos de interese comercial, tamén constitúen parte da dieta doutros depredadores de bivalvos. É o caso das raias *Dasyatis parstinaca* (L., 1758) e *Myliobatis aquila* (Linnaeus, 1758), que inclúen na súa dieta tanto bivalvos como gasterópodos epibentónicos e cangrexos, que tamén se alimentan de bivalvos. Así mesmo, debe evitarse a retirada de especies non depredadoras como *Tritia reticulata* (L., 1758) que, sendo preeira estrita, é moitas veces confundida coa depredadora *O. erinaceus* (**figura 41**).



**Figura 38.-** A regulación da poboación de estrelas de mar adoita facerse mediante mergullo (a, b) ou con rastros de vieira; a do gasterópodo *O. erinacea* e os cangrexos con nasas (c, d) e a das ootecas dos murícidos *B. brandaris* e *H. trunculus* mediante mergullo (e, f).

**Figura 38.-** La regulación de la población de estrellas de mar se suelen hacer mediante buceo (a, b) o con rastros de vieira; la del gasterópodo *O. erinacea* y los cangrejos con nasas (c, d) y la de ootecas de los murícidos *B. brandaris* y *H. trunculus* mediante buceo (e, f).


**Figure 38.-** Starfish population control is usually performed by diving (a, b) or using artisanal scallop dredges; populations of *O. erinacea* and crabs are controlled using traps (c, d), while oothecae of muricid species *B. brandaris* and *H. trunculus* are collected by divers (e, f).



**Figura 39.-** Eficacia na eliminación de ootecas. CAC, capturas acumuladas ao longo da campaña. CPUE, capturas por unidade de esforzo diario.

**Figura 39.-** Eficacia de la retirada de ootecas. CAC, capturas acumuladas a lo largo de la campaña. CPUE, capturas por unidad de esforzo diario.


**Figure 39.-** Efficiency of oothecae removal. CAC, cumulative catches throughout the campaign. CPUE, daily catches per unit of effort.



**Figura 40.-** Evolución mensual da presenza (número de individuos/nasa) de *O. erinaceus*, *C. maenas* e *A. rubens* no seguimento de poboacións de depredadores mediante captura con nasa.

**Figura 40.-** Evolución mensual de la presencia (número de individuos/nasa) de *O. erinaceus*, *C. maenas* y *A. rubens* en el seguimento de las poblaciones de depredadores mediante la captura con nasas.

**Figure 40.-** Monthly evolution (number of individuals/trap) of *O. erinaceus*, *C. maenas*, and *A. rubens* during monitoring of predator populations using traps.



**Figura 41.-** Non se debe confundir a preeira estrita *Tritia reticulata* (a) co depredador *Ocenebra erinaceus* (b).

**Figura 41.-** No debe confundirse el carroñero estricto *Tritia reticulata* (a) co depredador *Ocenebra erinaceus* (b).

**Figure 41.-** Strict scavenger species *Tritia reticulata* (a) must not be confused with predator *Ocenebra erinaceus* (b).

#### 4.2.4. RETIRADA DE LIXO.

A retirada do lixo mariño realízase ben de xeito rutineiro durante os propios traballos extractivos, como unha das boas prácticas recomendadas no marisqueo, ben mediante campañas específicas. Estas últimas adoitan ser realizadas polas persoas que se dedican ao marisqueo ou mediante a implicación de colectivos cidadáns alleos ao sector. Os traballos realízanse tanto mediante mergullo no infralitoral como manualmente no intermareal (**figura 42**). No caso de traballos submariños, a busca do lixo e a súa retirada deben realizarse de xeito sistemático mediante transeptos ou cadrantes. Os elementos recollidos deberán ser remitidos a puntos de tratamento específico autorizados.



**Figura 42.-** Tanto os restos recollidos mediante mergullo (a) como os recollidos no intermareal (b) deberán enviarse a unha planta de tratamento autorizada.

**Figura 42.-** Tanto los restos recogidos mediante buceo (a), como los recogidos en el intermareal (b) deben ser enviados a una planta de tratamiento autorizada.

**Figure 42.-** Both the residues collected by divers (a) and those collected in the intertidal zone (b) must be transported to authorized waste treatment facilities (c).

#### 4.2.5. ACTUACIÓNS SOBRE A POBOACIÓ DA ESPECIE DE INTERESE.

##### Sementeiras e traslados

Os traballos de restauración dos bancos marisqueiros están dirixidos maioritariamente á adaptación do hábitat para aumentar a súa produción e diversidade. A incorporación de exemplares da especie obxectivo realízase unha vez recuperado o hábitat con tres obxectivos: i) acelerar o recrutamento natural, ii) favorecer a realización de labores de conservación e iii), no caso de sementeiras de exemplares de tamaño precomercial, reiniciar canto antes as tarefas de extracción para que a posterior remoción do substrato evite os problemas relacionados coa ausencia de marisqueo. Esta incorporación de exemplares pode realizarse mediante a sementeira de exemplares de criadeiras ou con exemplares trasladados doutros bancos naturais. Os traslados poden ser un obxectivo en si mesmos das técnicas de xestión dos bancos marisqueiros. Con estes traballos preténdese regular a densidade nos lugares de fixación onde poida ser excesiva e aproveitar este exceso de stock para repoboar zonas onde o recrutamento natural é escaso aínda que, quizais, o crecemento sexa óptimo.

Nas labores de sementeira hai que ter en conta unha serie de precaucións. Ademais da densidade de sementeira, que depende de diferentes factores alleos aos obxectivos deste traballo, unha das principais causas de fracaso dos proxectos de sementeira está relacionada co arrastre dos exemplares plantados por efecto das ondas ou do hidrodinamismo antes de chegar a soterrarse no sedimento. Para evitar isto, realízanse labores de remoción do substrato antes de sementar. Esta remoción facilita e acelera o soterramento dos exemplares. No intermareal, o enterramento pódese forzar removendo o sedimento con angazos ou por medios mecánicos (**figura 43**). Aínda que se poden instalar mallas horizontais para protexer os exemplares sementados, o seu uso require un mantemento exhaustivo xa que adoitan provocar a acumulación de sedimentos finos e de materia orgánica que empeoran as condicións do sedimento e poden comprometer a supervivencia dos exemplares sementados. Por outra banda, no infralitoral, a remoción adoita atraer depredadores


á zona de sementeira. Ante este problema, unha medida que dá bos resultados consiste en rodear con caceas de nasas, a zona removida, dende o momento da remoción e con renovación diaria ata tres ou catro días despois da sementeira (**figura 44**).



**Figura 43.-** Sementeira de berberecho de tamaño comercial nunha zona previamente labrada (a). Tempos (en minutos) que necesitaron os berberechos para enterrarse nunha zona labrada (b) e nunha zona sen labrar (c); un deles tardou máis de 10 minutos.

**Figura 43.-** Siembra de berberecho de tamaño comercial en una zona previamente labrada (a). Tiempos (en minutos) que necesitaron los berberechos para enterrarse en una zona labrada (b) y en una sin labrar (c); uno de ellos necesito más de 10 minutos.

**Figure 43.-** Seeding of commercial-sized cockles in a previously raked area (a). Time (in minutes) required by cockles to get buried in a raked area (b) an in a non-raked one (c); one individual required longer than 10 minutes.




**Figura 44.-** Capturas de depredadores en nasas tras a remoción dunha zona de sementeira infralitoral. As capturas de depredadores diminúen a partir do segundo día. *Liocarcinus navigator* (Herbst, 1794), *Liocarcinus marmoreus* (Leach, 1814), *Polybius henslowii* Leach, 1820, *Asterias rubens* L., 1758.

**Figura 44.-** Capturas de depredadores en nasas tras la remoción de una zona de siembra infralitoral. Las capturas de depredadores decrecen a partir del segundo día. *Liocarcinus navigator* (Herbst, 1794), *L. marmoreus* (Leach, 1814), *Polybius henslowii* Leach, 1820, *Asterias rubens* L., 1758.

**Figure 44.-** Predator captures in traps after reworking a subtidal seeding area. Captures of predators decreased from the second day onwards. *Liocarcinus navigator* (Herbst, 1794), *Liocarcinus marmoreus* (Leach, 1814), *Polybius henslowii* Leach, 1820, *Asterias rubens* Linnaeus, 1758.

### Xestión da explotación

En moitos casos a perda de produción dun banco marisqueiro non está exclusivamente relacionada coas condicións ambientais do hábitat. Se os valores das diferentes variables encaixan dentro dos rangos dos valores óptimos das curvas de preferencia do índice de conformidade do hábitat (**Figura 26**), é probable que a perda de produción estea relacionada con algún problema na aplicación de ferramentas de xestión da explotación. Independentemente de que se poidan aplicar outras, existen tres ferramentas básicas de xestión que inflúen directamente no mantemento das poboacións baixo presión pesqueira: tamaños mínimos, topes de captura e vedas temporais. Se unha ou varias destas medidas non se aplican ou respectan correctamente, verase afectada a capacidade de autorrenovación da poboación explotada. A modo de exemplo, aínda que as causas da perda de produción son xeralmente un conxunto de variables, a captura sostida dunha alta porcentaxe de exemplares por debaixo do tamaño mínimo establecido pode reducir o potencial reprodutivo dun banco natural debido á mencionada relación entre o número e o tamaño dos reprodutores co número de ovos e, posteriormente, de recrutas na poboación (**figura 45**). Do mesmo xeito que sen un hábitat axeitado non é posible a restauración da produción e diversidade dun banco marisqueiro, tampouco o é sen un potencial reprodutivo axeitado.



